

NORMAS PARA OS CLUBS DE LECTURA DA BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA

A participación nos clubs da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola supón a aceptación destas normas básicas:

➤ Inscripción no club

Para poder pertencer a un club e retirar libros en préstamo, é necesario ter o carné de lector ou lectora da biblioteca.

➤ Préstamo e devolución de libros

- Tanto o préstamo como as devolucións faranse no mostrador de préstamo do 2º andar.

- O préstamo ten un prazo máximo de 45 días, contados dende o momento que o coordinador ou coordinadora inicie a lectura. Se o libro se recolle con posterioridade a esa data, o tempo de lectura será menor.

- Non se pode ter mais dun libro do mesmo club de lectura á vez, polo que non se prestará o novo libro se non se devolve o anterior.

- Se de está sancionado poderase participar no club pero non recoller libros novos mentres dure a sanción.

➤ Control de asistencia

En cada sesión realizarase un control de asistencia mediante unha folla que deberán asinar as persoas participantes. Este control ten como obxectivo detectar ausencias reiteradas, de xeito que, se é o caso, outras persoas da lista de agarda poidan incorporarse ao club.

A falta de asistencia a tres sesións consecutivas ou cinco alternas implicará a exclusión do club, dando a oportunidade á entrada dun novo socio.

➤ Baixa no club

Cando unha persoa participante queira darse de baixa nun club, comunicarao en administración, no segundo andar da biblioteca.

